



# **Plan de Bienestar e Convivencia.**

**CEIP EDUARDO ÁVILA  
BUSTILLO  
CURSO 2023-24**



XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO DE  
EDUCACIÓN INFANTIL  
E PRIMARIA EDUARDO  
ÁVILA BUSTILLO

Rúa Entrecaldeiras, s/n  
32360A VEIGA - OURENSE  
☎988 350 077  
✉[ceip.eduardo.avila@edu.xunta.gal](mailto:ceip.eduardo.avila@edu.xunta.gal)  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipeduavila/>

## 1. INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN E XUSTIFICACIÓN DO MESMO.

En virtude do recollido na Orde 23 de Agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia, unha das funcións como tal é a redacción do Plan de traballo, que será incorporado ao Plan de Convivencia do centro en virtude do recollido en documentos legais tales coma a Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educative en material de convivencia escolar.

O Plan de Benestar e Convivencia, pretende acompañar á comunidade educativa para que poida ser quen de decidir como afrontar o reto colectivo que é o coidado emocional dos nosos iguais, do noso alumnado e dos nosos fillos e fillas.

Cando se fala de benestar faise referencia a un concepto amplo que ten que ver non só coa nosa experiencia subxectiva de se sentir ben, en harmonía e con tranquilidade, senón tamén coa eperiencia personal de satisfacción por ser quen de afrontar dificultades e superar de xeito positive ou adaptativo as contrariedades que se presentan na vida cotiá.

O obxectivo da implantación de iniciativas (tendo presente que o Plan de Benestar e Convivencia é de aplicación dende o curso 2021-2022) é o de dotas á comunidade educative de recursos e estratexias que contribúan ao coidado do equilibrio e do benestar



XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO DE  
EDUCACIÓN INFANTIL  
E PRIMARIA EDUARDO  
ÁVILA BUSTILLO

Rúa Entrecaldeiras, s/n  
32360A VEIGA - OURENSE  
☎988 350 077  
✉[ceip.eduardo.avila@edu.xunta.gal](mailto:ceip.eduardo.avila@edu.xunta.gal)  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipeduavila/>

emocional dentro dunha contorna participativa, de comunicación e apoio. Para isto, os documentos que son o apoio e columna vertebral para a redación do presente texto son a citada Orde 23 de Agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia así coma a guía de desenvolvemento do plan de benestar ofrecido pola Consellería de Educación da comunidade autónoma galega.

## 2. ANÁLISE DO CONTEXTO SOCIO-ESCOLAR.

A denominación oficial do centro é CENTRO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA EDUARDO ÁVILA BUSTILLO, situado na Rúa Entrecaldeiras S/N no concello ourensán Da Veiga.

O enderezo electrónico do centro é [ceip.eduardo.avila@edu.xunta.gal](mailto:ceip.eduardo.avila@edu.xunta.gal), e a súa páxina web <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipeduardoavila/>.

O centro conta coas dúas etapas educativas anteriormente mencionadas, infantil e primaria contando ambas etapas con aulas mixtas. No presente curso escolar, a etapa de educación infantil conta con 10 alumnos e alumnas matriculados/as (4 en 4º curso, 4 en 5º curso e 2 en 6º curso da etapa respectivamente) e 6 na etapa de educación primaria (2 en 1º curso, 1 en 2º curso, 1 en 3º curso, 1 en 4º curso e 1 en 5º curso de educación primaria, respectivamente). Pese a diferenza de idades entre o alumnado, é un grupo cohexionado no que non se aprecian problemas graves de comportamento ou contrarios á convivencia (en virtude do recollido na Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en material de convivencia escolar e no



Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educative en material de convivencia escolar.)

O claustro do centro está formado por 4 docentes, unha delas con destino definitivo no centro e responsable do mesmo, unha especialista de educación infantil, unha especialista de Lingua Extranxeira e a mestra de Pedagogía Terapéutica que é itinerante co CEIP San Martiño de Vilariño de Conso ao que acode dous días á semana. Ademais, a material de Relixión Católica é impartida pola especialista correspondete que acode ao centro un día á semana.

O centro, conta con un Departamento de Orientacións de carácter adscrito ao CEIP BIBEI de Viana do Bolo, tal e como se recolle no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Ao centro acode a Xefa do Departamento de Orientación de xeito trimestral para atender ás necesidades existentes e realizar outras funcións que debe desempeñar debido ao osrentación da dita xefatura.

O centro responde a un entorno socioeconómico e cultural medio-baixo, no que na maioría dos casos traballa unicamente un dos proxenitores.

Este plan formará parte da Programación Xeral Anual do presente curso a partir da implementación, coa colaboración da orientadora do centro, do Plan de Benestar e convivencia a partir do curso 2021/2022 cuxo obxectivo foi atender as necesidades emocionais do alumnado despois da pandemia vivida pola Covid-19. Dito plan estará relacionado con outros plans e proxectos de centro, dado o seu carácter globalizado, interdisciplinar e transversal.

### 3. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES.



- Achegamento ao alumnado e familias a estratexias de fortalecemento, aprendizaxe e resolución pacífica de conflitos:

#### Alumnado

- o Coñecer en si mesmos sentimentos de malestar tales coma a desregulación, entendida como irritabilidade, pouca capacidade de espera, impulsividade, baixa tolerancia á frustración.
- o Recoñecer as situacións nas que poidan cumprir as características do enfrontamento, é dicir, disparadores de cada un deles ou delas.
- o Recoñecer en primeira persoa ou nos outros situacións de illamento social.
- o Interiorizar aptitudes tales como a organización das rutinas para favorecer o traballo autónomo e controlar o propio proceso de aprendizaxe.
- o Interiorizar responsabilidades que lles permita crecer como persoas e construír un autoconcepto e autoestima positivos.

#### ACTIVIDADES:

##### **1. Proxecto interdisciplinar para a creación dun libro de lendas da zona.**

A través do traballo conxunto de diferentes equipos de dinamización (Convivencia Escolar, Equipo de Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo Tics) crearase un libro en formatos dixital e físico con lendas recollidas polo alumnado e a súa familia co obxectivo de interiorizar responsabilidades.



|  |                            |
|--|----------------------------|
| CREACIÓN DO OBXECTIVO FINAL                    | Si / Non                   |
| TANTO POR CENTRO DE PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO. | 100 %<br>50- 99 %<br>< 50% |

## 2. Obradoiros trimestrais sobre condutas e comportamentos.

Mediante a creación de obradoiros (realizados tanto polo equipo docente coma por recursos externos ao centro para entender as implicacións de certas condutas nas relacións interpersoais, acompañar e guiar ao alumnado no recoñecemento de situacións disparadoras así coma dotas de extratexias para manter condutas positivas tanto dentro da aula coma fóra da mesma.

|   |   |
|---|---|
| NÚMERO DE OBRADOIROS LEVADOS A CABO POR TRIMESTRE                   |   |
| NÚMERO DE REXISTRO DE CONDUCTAS INDESEXDAS                          | Aumento.<br>Diminución.<br>Non varía.   |
| RECOÑECEMENTO DE SITUACIÓNS DISPARADORAS POR CADA UN DOS ALUMNOS/AS | Os alumnos son conscientes de situacións que resultan disparadores persoais.<br>O alumnado non é consciente de situacións que resultan disparadores persoais. |

## 3. Emprego de técnicas de cohesión de grupo para mellorar o clima de traballo.

|                     |  |
|---------------------|--|
| TÉCNICAS EMPREGADAS |  |
|---------------------|--|



|   |  |
|---|--|
| OBSERVACIÓN DO GRUPO TRAS A<br>SÚA IMPLEMENTACIÓN |  |
|---|--|

#### Profesorado

- o Recoñecer as sinais que mostran a dificultade para afrontar a tensión emocional.
- o Recoñecer e reconducir os sentimentos de crispación que dificulten unha convivencia positiva nas aulas e na vida do centro.
- o Aumentar a tolerancia a frustración ante actitudes dos outros adultos que conforman a comunidade educativa.

#### ACTIVIDADES:

##### 1. **Cuestionarios para o claustro de mestras:**

Elaboración dun cuestionario trimestral para o claustro acerca de aspectos tales coma a carga de traballo, o clima do centro... así coma todos aqueles outros que sexan propostos.  
Ditos resultados, reflectiránse en gráficas.

#### Familias

- o Asumir e interiorizar as canles de comunicación co centro para facer partícipe ao profesorado do seu sentir.
- o Ofrecer estratexias e canles para manifestar as dúbidas que xordan no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas ao profesorado a partir das canles establecidas.

#### ACTIVIDADES:

##### 1. **Cuestionario acerca das necesidades familiares**



Elaboración de cuestionarios acerca de diferentes necesidades familiares sobre os temas que redunden no benestar emocional do alumnado, tales como a relación familia-escola, rutinas e hábitos dentro do fogar, nutrición equilibrada... e todos aqueles demandados polas mesmas.

## 2. Obradoiros/xornadas de información as familias.

Tras a aplicación dos devanditos cuestionarios, realizaránse xornadas (impartidas tanto polo claustro coma por axentes externos ao mesmo) para formar ás familias nos ámbitos reclamados polas mesmas, poñendo especial atención ao plano nutricional dado que, tras a observación e análise do noso contexto socioescolar, é un ámbito de especial importancia.

|  |  |
|--|--|
| NÚMERO DE OBRADOIROS OFERTADOS           |  |
| ÍNDICE DE PARTICIPACIÓN EN CADA UN DELES |  |

## 4. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓNS AO PLAN.

O seguimento do presente plan, realizarase a través das reunións preestablecidas do Equipo de Convivencia Escolar, sen que, este mesmo teña que realizar reunións de carácter extraordinario en función do desenvolvemento da vida escolar.

A avaliación do mesmo será realizada a partir dos indicadores de consecución dos obxectivos; do mesmo xeito, dado que o presente Plan debe responder ás necesidades que xordan na vida escolar e





XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO DE  
EDUCACIÓN INFANTIL  
E PRIMARIA EDUARDO  
ÁVILA BUSTILLO

Rúa Entrecaldeiras, s/n  
32360A VEIGA - OURENSE  
☎988 350 077  
✉[ceip.eduardo.avila@edu.xunta.gal](mailto:ceip.eduardo.avila@edu.xunta.gal)  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipedu-ardavila/>

responder a éstas, as modificacións que sexan precisas realizaranse nas reunións anteriormente mencionadas.

#### 5. DIFUSIÓN DO PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA.

Dado que é un documento de centro, este será de consulta pública para todo aquel que así o requira. Ademais da copia física do mesmo que será parte da Programación Xeral Anual será publicado nas diferentes plataformas autorizadas pola Consellería de Educación de así ser preciso.

#### 6. PROPOSTAS DE MELLORA.

Antes da posta en marcha de dito plan, recóllese como proposta de mellora a participación activa de todo o claustro de mestras para a inclusión, dentro do mesmo, de todas as perspectivas e suxerencias existentes no mencionado órgano colexiado.